

FICHA 6

FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA I: K. MARX

A. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

1.- REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E MOVEMENTO OBREIRO

2.- AS INFLUENCIAS DO PENSAMENTO DE MARX:

- 2.1. O Socialismo utópico
- 2.2. A Esquerda hegeliana
- 2.3. A Economía política

3.- O NACEMENTO DAS CIENCIAS SOCIAIS

B. A FILOSOFÍA DE MARX

INTRODUCCIÓN BIOGRÁFICA

4.- O CONCEPTO DE ALIENACIÓN

- 4.1. A alienación relixiosa en Feuerbach
- 4.2. Alienación en Marx: fundamental (*económica*) e derivadas (*ideoloxía*)

5.- A ANÁLISE DA MERCANCÍA E O CONCEPTO DE PLUSVALÍA

6.- DIALÉCTICA E MATERIALISMO: O MATERIALISMO HISTÓRICO

7.- A SOCIEDADE COMUNISTA

A. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

I. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E O MOVEMENTO OBREIRO

A industrialización

A modificación das estruturas socioeconómicas acontecida en Europa dende principios do XVIII crea as premisas que fan posible, cara á metade do século, a Revolución industrial (termo utilizado por BLANQUI en 1837, e adoptado por ENGELS en 1845), tendo como foco orixinario do seu desenvolvemento Inglaterra e posteriormente, desenvolvéndose polo resto de Europa e América. A condición básica para a súa realización é a substitución do traballo artesán polo da maquinaria fabril, cuxa introdución implica a multiplicación do rendemento e, polo tanto, o incremento da produción. A difusión da ética calvinista (recrodar a Marco Histórico da Ficha 3: a Reforma Protestante e o mundo moderno) dá lugar a unha nova concepción do traballo: a laboriosidade, o sentido do aforro e o afán de lucro facilitan a formación de capital privado, que é investido nas empresas industriais a partir da desaparición dos obstáculos sociais e xurídicos no s. XVIII.

As bases teóricas do capitalismo son formuladas por Adam Smith (1723-1790) e David Ricardo (1772-1823) e dan lugar ao liberalismo económico, cuxa máxima expresión é a Escola de Manchester.

Os liberais difunden amplamente a idea de F. BACON (Ficha 3: O novo concepto de ciencia) segundo a cal o saber empírico unido á observación e a experimentación fomenta a riqueza e o progreso das nacións. As ciencias físico-naturais dan lugar a múltiples aplicacións prácticas a través da técnica e a enxeñaría. En 1789 a forza motora é aplicada ás máquinas fabrís: comeza a mecanización.

Desenvolvemento industrial

O novo sistema fabril require unha serie de condicións:

- a) liberdade para a iniciativa privada;
- b) capital para investir en máquinas, materias primas, etc.;
- c) man de obra dispoñible (fin das limitacións gremiais);
- d) amplos mercados para absorber a produción en masa.

A consecuencia de todo iso, transfórmanse as relacións sociais e faise posible a formación de novas clases antagónicas: empresarios (propietarios do capital privado investido) e obreiros (viven da venda da súa forza de traballo). Uns e outros carecen de terras e representación parlamentaria e enfróntanse, á gentry (terratenentes) e aos grandes comerciantes, aínda que os seus respectivos intereses son contraditorios. O exceso de man de obra, e os infrahumanos sistemas de traballo (horario laboral abusivo, salarios de fame, emprego de mulleres e nenos), determinan a nova disciplina de traballo nas fábricas. Os salarios de fame encontran a súa xustificación teórica na tese de DAVID RICARDO (*Principios de economía política*, 1817) segundo o cal o traballo é unha mercadoría sometida a la lei da oferta e a demanda, e nada pode impedir o cumprimento da devandita lei.

O movemento obreiro

En la economía industrial liberal, a clase traballadora, privada dos medios de produción, vese obrigada a vender o seu traballo (salario) aos posuidores deses medios de produción (capitalistas), quedando reducida como único recurso á forza dos seus brazos. Nace así o problema social e, como resposta á inseguridade de emprego e á miseria, os traballadores

tenden a unirse (MARX: "*Proletarios de todo o mundo, unídevos*" *Manifesto comunista*) na loita polo poder político e económico.

A forza e as características dos movementos obreiros varían de acordo coa estrutura e o grao de desenvolvemento industrial de cada país, sendo xeral a tendencia á creación dunha forte estrutura sindical e á constitución de partidos políticos obreiros autónomos. O primeiro movemento obreiro moderno desenvólvese en Inglaterra, organizado en Sindicatos (Trade Unions): asociacións obreiras locais ou de fábricas articuladas por oficios, que tratan de obter mellores condicións de traballo e de vida por medio de contratos colectivos sobre os salarios, os horarios e a protección do traballo (despedimentos, vacacións). Creación de caixas de axuda mutua para casos de emerxencia e de asociacións para a formación dos traballadores.


Co dereito de asociación, conquistado tras duras loitas -1824 en Inglaterra, 1864 en Francia, 1869 en Alemaña- anúlase a prohibición dos sindicatos, que se desenvolven en asociacións centrais, rexionais e nacionais e dende finais do século XIX son recoñecidos como representantes lexítimos dos traballadores. Empregados, dependentes, campesiños e traballadores a domicilio organízanse seguindo o modelo dos obreiras industriais.

2. AS INFLUENCIAS DO PENSAMENTO DE MARX

Para situar as fontes filosóficas do marco conceptual das que se nutre o pensamento de Marx o mellor e partir dun texto de Lenin redactado a comezos do século XX titulado *O marxismo* no cal contextualiza o pesamento de Marx do modo seguinte:

Marx foi o xenial continuador das tres correntes ideolóxicas principais do século XIX, pertencentes ós tres países máis avanzados da humanidade: a filosofía clásica alemá, a economía política clásica inglesa e o socialismo francés, as cales fundiu nunha unidade superior.

No seguinte esquema quedan recollidas esas ideas e cómo son transformadas por Marx.



2.1. O Socialismo utópico

O "socialismo utópico" designa a unha serie de diversas propostas de reforma social que encontramos ao longo do século XIX. Estas trataban de ofrecer alternativas aos desequilibrios provocados polo desenvolvemento industrial e o liberalismo imperante. Proxectaron reformas sociais que incluso chegaron a poñer en práctica en cooperativas ou comunas. Cabe destacar a Fourier e Saint-Simon en Francia e a Owen en Inglaterra. As devanditas correntes de "socialismo utópico" remataron por disolverse ou integrarse no movemento socialista que, dende a fundación da *Asociación Internacional dos Traballadores* en 1864 (tamén coñecida como *Primeira Internacional*, fundada en Londres), terá no anarquismo de Bakunin e no marxismo as súas principais referencias.

A expresión "socialismo utópico" foi acuñada por Engels na súa obra *Do socialismo utópico ao socialismo científico*. Por un lado, Engels reivindicaba o socialismo utópico como orixe do socialismo científico, pero, por outro lado, crítico como mero idealismo desconectado da realidade. O socialismo científico sería unha superación do socialismo utópico, recollería as súas demandas dunha nova orde social, pero construíndo a devandita nova orde dende unha comprensión das leis profundas que rexen o desenvolvemento da economía e da historia.


2.2. A economía política


A comprensión marxista das leis que organizan a sociedade recolle do ámbito da economía política a teoría do valor-traballo. Segundo esta teoría, defendida por Adam Smith (1723-90), pai do liberalismo económico, a fonte do valor é o traballo e non, como pensaban os fisiócratas, a capacidade produtiva da terra. Non obstante, lonxe de interpretar a teoría do valor-traballo no marco do liberalismo económico, o marxismo intégraa no marco dunha comprensión dialéctica da realidade que conduce a unha crítica radical de capitalismo que a economía liberal pretendía lexitimar. Para Marx o home transforma como suxeito, a través do traballo, a natureza (de forma que esta devén obxecto transformado). O problema é, segundo Marx, que o capitalismo subtrai ao traballador o produto do seu traballo; deste modo o home é desvalorizado e só cabe superar a devandita inxustiza superando o modo capitalista de produción e instaurando unha sociedade comunista.

2.3. A esquerda hegeliana

A concepción dialéctica do real recíbea o marxismo de Hegel, o filósofo máis destacado do Idealismo alemán (corrente filosófica que se desenvolve entre Kant e Marx). Se ben Marx recolle de Hegel a súa perspectiva dialéctica, en virtude da cal o mundo é inseparable da acción do home, rexeitaba o seu idealismo. Expresión deste idealismo era a seguinte afirmación hegeliana: "todo o real é racional e todo o racional é real". Tal afirmación deu lugar a dúas lecturas ben distintas: as da dereita e a esquerda hegeliana.

- A dereita hegeliana interpreta que a realidade é xa razón realizada,
- a esquerda hegeliana interpreta que a realidade, na súa situación presente, é irracional e, polo tanto, debe de ser transformada co fin de que sexa verdadeiramente racional.





Para a esquerda hegeliana, a racionalidade do real non é un feito, senón algo por facer, unha tarefa. Mentres que a dereita hegeliana mostra unha actitude conservadora (o real é xa racional), a esquerda mostra unha actitude crítica e progresista (o actualmente real é irracional e a nosa tarefa consiste en superala cara a unha realidade racional). O marxismo é tributario desta actitude crítica da esquerda hegeliana.

Coa esquerda hegeliana vaise cumprir unha desas leis recorrentes da historia do pensamento: o que nun período se nega afirmase no seguinte. O pensamento grego xirou ao redor da Natureza, o cristianismo afirmou o espírito fronte a ela e máis tarde o Renacemento retornou á Natureza; o cristianismo, fronte ao racionalismo grego, afirmou a primacía da fe, e despois a filosofía moderna retornou á primacía da razón. Os devanditos retornos non se limitan a ser meras repeticións, senón que, moi a miúdo, abren períodos de intensa creatividade. Do mesmo modo, nun novo movemento pendular da historia do pensamento, encontrámonos con que fronte á primacía de pensar sobre o ser representada por Hegel, álzanse filosofías da esquerda hegeliana como as de Feuerbach, Marx e Engels, que reclamarán a primacía do material sobre o espiritual.

3. O NACEMENTO DAS CIENCIAS SOCIAIS

Entre a grande eclosión dos sistemas idealistas na primeira metade do XIX e a difusión das obras, aínda escasamente coñecidas, dos pensadores máis significativos da segunda metade de século (Marx e Nietzsche), foi o culto positivista á ciencia o que encheu o baleiro. Como contrapunto aos altos voos especulativos do idealismo alemán, Augusto Comte (1798-1857), fundador do positivismo e pai da socioloxía, reclamou a necesidade de impulsar unha razón experimental orientada ao progreso tecnolóxico.

A revolución científica iniciárase nos ceos, como revolución astronómica, para estenderse máis tarde á física terrestre. Tras a Revolución Francesa esténdese o desexo de aplicar o método científico ao ámbito das ciencias sociais. De aí a aparición, durante o século XIX, de novas ciencias humanas ou sociais como a Psicoloxía, a Antropoloxía ou a Socioloxía. Comte concibía a Socioloxía como un novo paso adiante no alcance do método científico. Un momento no que a ciencia se desenvolvera o suficiente como para abordar un obxecto



de complexidade máxima: a sociedade, Da súa vontade de abordar cientificamente o estudo do social dá conta o feito de que tamén denominase á socioloxía co nome de "física social".

A nova orde que emerxe da revolución política e industrial xa non podería adaptarse, segundo a lei dos tres estadios de Comte, nin a un estadio relixioso (pertencente á fase infantil da humanidade), nin a un estadio filosófico (pertencente ao período adolescente da humanidade). A era industrial debe emprazarse para Comte no estadio positivo, aquel no que se alcanza a madureza dunha comprensión científica que substitúe a fantasía relixiosa e a abstracción filosófica pola atenta observación dos feitos e as leis que rexen o curso da natureza e nos permiten operar sobre ela.



Bandeira do Brasil, co lema de Comte

O positivismo e a socioloxía de Comte xorden da convicción, intensa na Revolución francesa, de que a totalidade da orde social debe ser reconstruída segundo os ditados da razón científica, da deusa razón alzada pola Ilustración. Esa deificación da razón ilustrada é manifesta nos títulos que o conde Saint-Simón (1760-1825) (de quen Comte foi secretario) puxo a algunhas das súas obras: *Catecismo industrial*, onde a planificación centralizada da produción se ofrece como promesa de prosperidade sen precedentes, ou *Novo cristianismo*, onde, caducada a vella orde teolóxica e substituído o sacerdote polo científico, é a nova orde tecnolóxica a encargada de mostrar á humanidade o camiño do benestar e a xustiza sobre a terra. O propio Comte acabaría propoñendo, no marco do seu positivismo, o culto ao Gran Ser como culto ao progreso social do home, á sociedade mesma; culto cuxo santoral estaría configurado polos grandes científicos e homes insignes que contribuíron ao progreso da humanidade.

Así como o positivismo tratou de responder á necesidade de reorganizar a sociedade para integrar as transformacións tecnolóxicas e políticas da época, o marxismo ofrecerá outro proxecto de reorganización social co fin de eliminar as dramáticas desigualdades que o avance da sociedade industrial estaba a deixar ao seu paso. A devandita reorganización implicaría o tránsito revolucionario do capitalismo ao comunismo.

Non obstante, e máis alá das notorias diferenzas entre positivismo e marxismo, ambos os dous comparten a convicción de que a historia obedece a unhas leis de desenvolvemento e de que por fin se alcanzou o momento histórico en que a razón as recoñece. Recoñecida a devandita legalidade interna ou plan, o real vólvese planificable, de modo que poderían eliminarse desaxustes e irracionais idades que o home padeceu ao longo da historia. Esta vocación de planificar racionalmente a vida é común tanto ao positivismo coma ao marxismo.

B. A FILOSOFÍA DE MARX

INTRODUCCIÓN BIOGRÁFICA

Karl Marx naceu o 5 de maio de 1818 en Tréveris (na Prusia renana), no seo dunha familia acomodada e culta. Seu pai era un avogado xudeu convertido ao protestantismo.

Cursou en Tréveris o bacharelato e, primeiro na Universidade de Bonn e despois na de Berlín -onde frecuentou o círculo dos hegelianos de esquerda-, realizou estudos de Dereito, sen descoidar a formación en Historia e Filosofía. Non é pois de estrañar que a súa tese de doutoramento tivese como tema a filosofía de Epicuro.

Unha vez finalizados os seus estudos universitarios, Marx trasladouse a Bonn, coa intención de facerse profesor, pero a política reaccionaria dun goberno que afastara das aulas a Bauer e Feuerbach, obrigouno a renunciar a tal propósito.

No 1842 foi nomeado redactor xefe da Gaceta Renana, un xornal de oposición no que colaboraban hegelianos de esquerda. Baixo a súa dirección foi acentuándose a tendencia democrática revolucionaria do xornal que acabou sendo censura do polo goberno. Durante esta etapa, Marx decatárase de que non dispuña dos coñecementos necesarios de economía política e centrouse no seu estudo.

En 1843 casou con Jenny von Westphalen, amiga da infancia, pertencente a unha aristocrática familia prusiana. Trasládase a París co propósito de editar, desde o estranxeiro, unha revista de tipo radical que tivo que interromperse debido ás dificultades para a súa difusión clandestina en Alemaña.

En setembro de 1844 pasou uns días en París con Friedrich Engels, que a partir dese momento se converte no seu amigo máis íntimo e no seu máis fiel colaborador. En 1845, a petición do goberno prusiano, Marx foi expulsado de París como revolucionario perigoso e fixa a súa residencia en Bruxelas.

En 1847, Marx e Engels participan no II Congreso da «Liga dos comunistas» (celebrado en Londres) onde se lles encargou a redacción do célebre *Manifesto do Partido Comunista*, publicado en febreiro de 1848.

Tras a revolución de febreiro de 1848, Marx foi expulsado de Bélxica e trasládase de novo a París. Despois da revolución de marzo pasou a Alemaña, establecéndose en Colonia como redactor xefe da Nova Gaceta do Rin. Expulsado de novo de Alemaña, regresa a París, cidade da que volve ser expulsado despois da manifestación do 13 de xuño de 1849, instalándose entón en Londres, onde pasará o resto da súa vida, concentrándose no estudo da economía política e na redacción de *O Capital*, pasando largos periodos na biblioteca do British Museum.

A intensificación dos movementos democráticos, a fins da década dos 50 e durante a década dos 60, chamou de novo a Marx á praxe política. O 28 de setembro de 1864 fundouse en Londres a I Internacional, (a «Asociación Internacional dos Traballadores»), que tiña como obxectivo unificar o movemento obreiro dos diferentes países e buscar unha liña de acción común as diversas formas do socialismo.



Marx e Engels, por Loredano

O seu intenso labor na Internacional e o esforzo co que enfrontaba os seus estudos teóricos quebrantaron definitivamente a saúde de Marx, que faleceu o 14 de marzo de 1883. Foi soterrado, xunto coa súa dona (finada dous anos antes), no cemiterio de Highgate de Londres.

A produción de Marx foi ampla. Algunhas das súas obras foron escritas en colaboración con Engels. Dintínguese dou periodos na súa produción: o *xoven Marx*, que son as obras publicadas ata o ano 1848 caracterizadas pola temática humanista (o tema da alienación sobre todo) e o *Marx maduro*, dende o *Manifesto comunista* donde analiza dende un punto científico a historia (o materialismo histórico) e a economía capitalista (O Capitalismo); en orden cronolóxico as máis importantes son:

- 1844: *Manuscritos de economía e filosofía* (publicados en 1932)
- 1845: *A sagrada familia* (escrito en colaboración con Engels contra os hegelianos de esquerda), *A ideoloxía alemá* (en colaboración con Engels), *As teses sobre Feuerbach* (publicadas por Engels en 1888)
- 1847: *A miseria da filosofía* (resposta á Filosofía da miseria de Proudhon)
- 1848: *Manifesto do Partido Comunista* (en colaboración con Engels)
- 1852: *O 18 Brumario de Luís Bonaparte* (análise da Revolución Francesa)
- 1859: *Crítica da economía política*
- 1867: *O Capital* (neste ano publícase o primeiro volume; os outros dous foron publicados con carácter póstumo, por Engels, en 1885 e 1894)

4. O CONCEPTO DE ALIENACIÓN

4.1. O concepto de alienación e os seus antecedentes históricos

O termo “alienación” procede do latín *alienus* que significa “aleno”. No seu sentido etimolóxico o “aleno” opónse ao “propio”. A expresión “alienar” é empregada usualmente na terminoloxía xurídica para referirse a bens, neste sentido alienar significa dar algo ou vendelo, transmitirlle a outro un ben propio. Polo tanto, estamos dentro do significado etimolóxico. Tamén se instalou este termo na psicoloxía, onde estar alienado ven ser expresión dun estado mental escindido, que escapa do control consciente do suxeito; neste sentido é sinónimo de perda do xuízo, de loucura. Esta forma de alienación supón un extrañamento, un afastamento, do individuo respecto de si mesmo.

No eido da filosofía o termo alienación adquire un sentido filosófico específico con Hegel e logo con Feuerbach e con Marx. Os dous primeiros autores representan os antecedentes históricos da teoría de Marx.

No idealismo absoluto de **Hegel**, a alienación prodúcese no contexto do desenvolvemento dialéctico da Idea para dar lugar a realidade na súa totalidade. Isto significa que a realidade é un proceso, un continuo devir, no que a idea se vai despregando a través de tres fases ou etapas: a tese (a idea en estado puro), segundo a antítese (a idea obxectivada na realidade, a idea exteriorízase para dar lugar ao mundo material, a natureza), e por último, a síntese ou superación (a idea absoluta se reconcilia e autocoñece, o Espírito absoluto). A alienación en Hegel ven representado no segundo momento da dialéctica, cando a idea se obxectiva na realidade material queda escindida ou separada e, polo tanto, aparece

extrañada de si mesma. Dúas características podemos destacar en Hegel: a alienación prodúcese nun contexto **idealista** (a idea ou espírito no seu devir dialéctico) e supón un proceso **necesario ou positivo** no proceso do autocoñecemento da Idea ou Espírito.

No caso de **Feuerbach** (como tamén en Marx) a alienación vai ter un sentido **negativo**, non é inevitable e supón perder algo esencial para o home. A verdadeira alienación, segun el, non é a da idea, senon a alienación real que sofren os homes de carne e óso, en concreto a verdadeira alienación que sofren os homes é a alienación relixiosa. Para Feuerbach a Naturaleza material é a realidade orixinaria da que xorde o pensamento, e non ao revés, como pretendería o idealismo. Fronte a ela, todo o espiritual non é máis ca froito das proxeccións imaxinarias dos homes, de aí que indicase que non é Deus quen crea ao home, senón o home quen crea a Deus. De aí que, mentres o home crea nun Deus transcendente o home padece unha alienación, isto é, vive, afastado ou estrañado de si mesmo. Deus naceu como froito de proxectar os nosos desexos supremos e as nosas potencialidades máis elevadas fóra de nós mesmos. Pero Deus é só a realización fantástica de desexos humanos, así, o desexo humano de sabelo todo fai que a nosa fantasía cree un ser onisciente, ou o desexo de poder un ser onipotente. Retirada a máscara fantástica, tras o rostro de deus está o desexo do home.

Para Feuerbach a relixión é alienación, porque o home toma como transcendente ou exterior a si algo (Deus) que é inmanente a el, que procede del mesmo. Rende culto a Deus como se fose un "alien", un ser doutro mundo, do máis alá. E non obstante, nin hai máis mundo ca este, nin o tal Deus existe fóra da fantasía do home. Superar tal alienación é, para Feuerbach, superar unha fase infantil da humanidade na que o home, ao igual ca os nenos, confundía realidade e ficción.


A afirmación do home e ateísmo, entendido como negación do que nega ao home (Deus), son en Feuerbach dúas caras da mesma moeda. De igual modo o son humanismo e ateísmo. Eliminada a crenza en Deus, o home pasa a ser o supremo para o home e a medida de todas as cousas, o home convértese no único Deus para o home. Deste modo o home non se preocupa xa dunha vida mellor no sobrenatural, senón de facer mellor a súa vida natural, a súa vida neste mundo.

O ateísmo -a negación dunha realidade divina diferente da humana- sería para Feuerbach a consecuencia de levar a proximidade cristiá Deus-home ata as súas últimas consecuencias; o ateísmo sería o froito maduro ou a esencia do cristianismo. Desenmascarada a realidade divina como unha mera idealización duplicada do humano, non quedaría máis ca reintegrar o devandito mundo sobrenatural á natureza social dende onde foi concibido, de modo que sería agora o social mesmo a única encarnación daquela realidade que supera a cada natureza humana individual. O único transcendente ao individuo humano sería a colectividade humana que se articularía na forma de Estado.

Se non queda nada sobrenatural fóra do mundo, a relixión non será outra cousa que a organización e xestión do mundo, isto é, non será outra cousa que política. A relixión deixa de pivotar ao redor da proxección dun Deus imaxinario para pivotar sobre o proxecto do humano e a condución política dese proxecto.

4.2. A alienación en Marx: fundamental (económica) e derivadas (ideoloxía)

Feuerbach fixera fincapé na alienación relixiosa. Marx recibe un poderoso influxo de Feuerbach, ve tamén a relixión como unha alienación e unha creación da mente humana. Non obstante, Marx ve na alienación relixiosa un fenómeno derivado de outra alienación que é o fundamento dela: a **económica** (cuxo fundamento quedará exposto no seguinte apartado dedicado ao análise da mercadoría na economía capitalista). O credo relixioso dunha comunidade, así como o seu sistema xurídico, político, moral ou filosófico, reflicte e protexe os intereses dunha determinada orde económica. O mundo das ideas que hai na mente do home é unha superestrutura de tipo ideolóxico, que bota raíces nunha determinada realidade socioeconómica ou infraestrutura.



Da alienación fundamental ás alienacións derivadas

Tras o mundo das ideas péndese agora a sombra da ideoloxía. O mundo do pensamento deixa de presentarse como un mundo teórico puro, e a análise marxista vai desenmascarar cómo o discurso socialmente dominante responde aos intereses das clases dominantes.

Así, por exemplo, no caso das relixións que recomendan pacífica resignación e que estigmatizan o mundo como un val de bágoas, esconderíanse os intereses das clases dominantes por ter un pobo submisos que non se subleva contra a inxustiza que sofre neste mundo. Por un lado, a orixe da fe noutro mundo estaría na cobiza dunhas clases dominantes que alentan a relixión para poder perpetuar a súa explotación sobre as clases dominadas. Por outro lado, a relixión é a esperanza dos desesperados, dos que perderon toda esperanza de xustiza neste mundo e recorren ao alivio narcótico da fe relixiosa. A relixión sería, en palabras do propio Marx, "o opio do pobo".

A crítica da ideoloxía relixiosa non fai senón mostrar o que é trazo común de toda ideoloxía, xa sexa esta un sistema filosófico ou un código xurídico: presentar como verdade universal o que só é a expresión de intereses particulares. Na medida en que esa trampa funcione, o conxunto da sociedade tomará como "verdade universal" o que só é expresión duns "intereses particulares" e crerá que é beneficioso para o conxunto da sociedade o que só beneficia ás clases dominantes. Deste modo, a explotación económica é inseparable da alienación ideolóxica. Ao explotado non só se lle rouba o froito do seu traballo, senón que se lle lava o cerebro facéndolle pensar o que o explotador quere que pense. Ao desenmascarar o filósofo os intereses reais que xacen ás ideoloxías, enfróntanos á necesidade de saltar fóra do círculo de ideas dominantes e comprometermos cunha acción revolucionaria que poña fin á situación de inxustiza social.

A acción revolucionaria é necesaria porque a orixe da alienación relixiosa, política, e xurídica está na alienación económica. Está última, á súa vez, é consecuencia da propiedade privada duns medios de produción que os propietarios non van ceder polas boas. Co cal, se queremos suprimir a alienación ideolóxica habemos de erradicar a súa causa nunha loita aberta contra a propiedade privada dos medios de produción.

Precisamente porque o único xeito de facer desaparecer as ideoloxías é facer desaparecer as desigualdades sociais, a sociedade comunista preséntase como unha sociedade sen clases. Nela non habería explotadores (que teñen a propiedade dos medios de produción) nin explotados (que se vexan obrigados a vender a súa forza de traballo a cambio dun salario), e tampouco habería propiedade privada dos medios de produción porque na

sociedade comunista estes serán comúns. Se o motor da historia foi a loita de clases e as ideoloxías o que engraxaba os mecanismos de explotación, o comunismo marcaría a fin desa loita e desas instrumentalizacións ideolóxicas porque sería a fin da súa causa: as desigualdades sociais.

5. A ANÁLISE DA MERCADORÍA E O CONCEPTO DE PLUSVALÍA


Unha vez que falamos da alienación en xeral, imos agora deternos dun modo máis detallado en como ten lugar a **alienación económica** no capitalismo partindo do análise das relacións económicas que se producen dentro de el.

O home é un ser en continua relación activa coa natureza (a esencia do home como traballador e activo). Froito da súa praxe laboral é a transformación da materia en mercadoría. A devandita mercadoría ten un valor de uso e un valor de cambio. Un diamante, por exemplo, ten moito valor de cambio (pagamos por el un alto prezo), pero moi pouco valor de uso. Pola contra, un pano de papel ten máis valor de uso ca un diamante, pero moi pouco valor de cambio (é moi barato). Segundo Marx, o que determina o valor de cambio dunha mercadoría é o tempo de traballo necesario para a súa fabricación. O feito de que por un traballo especializado se pague máis ca por outro que non o sexa, é debido a que o especialista empregou un gran número de horas de traballo en adquirir as destrezas propias da súa especialización, e ese tempo de formación tamén se paga. Todo traballo implica un gasto de forza empregado no traballo, precisamente por iso toda mercadoría ten un prezo.

Se tras descargar un camiión estamos cansos é porque gastamos moita da nosa enerxía en facelo e, en xeral, se os traballos cansan é pola enerxía que consumimos niso. Como suxeitos enerxéticos gastamos a nosa enerxía traballando sobre obxectos, sobre o alleo ou exterior ao suxeito. Este consumo de enerxía na transformación do obxecto, do outro ou alleo, e unha alleación esencial, xa que o home é constitutivamente un suxeito activo no mundo, un suxeito activo entre obxectos. O problema xorde cando o froito do traballo en vez de realizar ao home o des-realiza, en vez de configurar a súa esencia a desfigura.

Iso sucede porque no capitalismo as relacións de produción se establecen entre dúas clases sociais, a burguesía e o proletariado, estando a primeira en posesión dos medios de produción. Dado que o proletariado non posúe a maquinaria produtiva, entra no proceso de produción a través dun contrato no que vende a súa forza de traballo. Pero o empresario capitalista se enriquece porque paga ao obreiro menos do que este último produce coa súa forza de traballo, isto é, paga menos do que vale.

Imaxinemos que teño unha fábrica de zapatos. Polas materias primas e pola maquinaria pago o que custan no mercado, dito custo correspóndese coa forza de traballo empregada para producilas. Despois contrato unha serie de obreiros cuxa forza de traballo produce, supoñamos, 100 € ao día. Pero cando cobran ao final do mes págolle só cincuenta



Síntesis do Capital de 1879, co visto bo do propio Marx


euros por día. Iso quere dicir que o 50% do beneficio que producen mo quedo eu, e que de vinte días de traballo lles estou pagando dez. Ese beneficio extra que o empresario extrae dos traballadores polo que producen no tempo de traballo suplementario ou plustraballo, é a **plusvalía**. O empresario tende así a pagar ao traballador tan só o necesario para o seu mantemento, quedando co resto. É por iso que, como nos di Marx, "o capitalista pugna constantemente por reducir os salarios ao mínimo e prolongar a xornada de traballo ao máximo".

Dentro da plusvalía é importante distinguir entre plusvalía absoluta e plusvalía relativa. Se lle pago 1000 € a un traballador por 8 horas de traballo e produce ese beneficio en 4 horas, os 1000 € restantes que o traballador produce e eu non lle pago (o seu plustraballo ou traballo a maiores) son a plusvalía absoluta (en oito horas o traballador produce 2 000€e eu lle pago 1000€; obtendo unha plusvalía de 1000 €). Agora ben, se consigo que o obreiro se volva moito máis produtivo (mellorando as técnicas de produción) e manteño o seu salario nos 1000 €; de modo que produza o mesmo beneficio na metade de tempo (por exemplo, que produza un beneficio de 1000 € en 2 horas), entón consigo que outras dúas horas máis pasen a incrementar a plusvalía absoluta; xa que agora segue traballando 8 horas pero para producir o que lle pago 1000 €) abonda con que traballe 2 horas e non 4 como antes (en 8 horas agora produce 4000 €e sigo pagando 1000 €; co cal triplico a miña plusvalía que agora é de 3000 € en vez de 1000 € como nun primeiro momento). Canto máis se poida producir en menos tempo, menos será o traballo necesario para producir o salario pagado polo empresario e máis doado seralle a este último incrementar a súa plusvalía, que se basea en quedar co froito do traballo engadido (o traballo que o traballador realiza sen que se lle retribúa o beneficio que produce). O total da plusvalía ou a plusvalía que en termos absolutos se embolsa o empresario, é relativa á eficacia produtiva do traballador.

As condicións de explotación que padece o proletariado no capitalismo enfróntannos a un paradoxo. Por un lado, o home realízase no traballo, o seu ser é un facer (a identificación do que somos co que facemos, de ser e traballo, ilustra o feito de que preguntemos "¿que é fulano?" como equivalente de "¿en que traballa?"). Pero, na medida en que canto máis traballa o obreiro máis coopera á súa condición de explotado, en vez de realizarse, o obreiro aliénase ou des-realízase; canto máis traballa máis débil se fai o proletariado e máis forte o capitalismo propietario dos medios de produción, máis diminúe o seu ser e máis aumenta o ser social dos que o explotan.

O obreiro deixa o seu ser na mercadoría, pero non pode nin beneficiarse do froito do seu traballo nin se recoñecer no obxecto producido, porque pasa a ser propiedade doutro (aliud) que o explota. As relacións entre homes convértese así en relacións entre cousas, o empresario aprópiase do obreiro a través da forza de traballo que este deixa na mercadoría. A devandita reificación converte ao home en cousa ou mercadoría, converte o traballo do obreiro, non en realización, senón en alienación ou estrañamento que o deshumaniza.

Canto máis escravo é, máis se deshumaniza o proletariado, máis perde a súa liberdade, e máis poderoso fai ao amo capitalista. De aí que cada vez sexan menos os que teñen máis e máis os que teñen menos. O capitalismo tende inercialmente á concentración de capital en mans duns poucos. Pero a devandita deriva estrutural do capitalismo cara á desigualdade crecente vai despoboando á burguesía (pois



cada vez a propiedade dos medios de produción se concentra en menos individuos) e incrementando as filas do inimigo natural do burgués: o proletariado. Só fai falta que este último cobre conciencia do seu poder real e da explotación para que estale a revolución que poña punto final ao capitalismo do burgués e abra paso ao comunismo do proletariado. Tal revolución será violenta, pois os explotadores non cederán pacificamente os seus privilexios, pero é inexorable. A dialéctica da historia conduce necesariamente cara á revolución proletaria.

DOCUMENTO I

En que consiste, pois, a alienación do traballo?

Primeiro, en que o traballo é externo ao traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia, que, por iso, o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e estraga o seu espírito. De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si. "No seu" estácando non traballa e cando traballa non está "no seu". O seu traballo non é, pois, voluntario, senón obrigado, traballo forzado. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só un medio para satisfacer necesidades alleas. O seu carácter estraño salientase nido en que en canto non hai unha constrición física ou de calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente a exterioridade do traballo para o traballador maniféstase en que no é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro. Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción divina ou demoníaca; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a perda de si mesmo.

Marx, K.: Manuscritos económico-filosóficos, 1844, O traballo alleado (Primeiro manuscrito, XXIII)

1. ¿Que quere dicir que "o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega"?
2. Que quere dicir que na relixión a fantasía humana aparece ante o individuo como se fose a obra dun deus ou demo, e non como o que é: unha creación súa, Responde tendo en conta o apartado 4.
3. ¿En que consiste a alienación do traballo?

DOCUMENTO 2

Por outra banda, emporiso, restrínxese o concepto de traballo productivo. A produción capitalista non é simple produción de mercancias, é esencialmente produción de plusvalía. O traballador non produce para si, senón para o capital. É por iso que xa non abonda con que simplemente produza; ten que producir plusvalía. Só é productivo o traballador que produce plusvalía para o capitalista ou en proveito da autorrealización do capital... Por iso en ningún caso o concepto de traballo comprende unicamente unha relación entre actividade e efecto útil, entre traballador e produto do traballo, senón tamén unha relación de produción especificamente social que se xenera historicamente e que fai do traballador un instrumento inmediato para o proveito do capital. ..

A prolongación da xornada laboral alén do punto no que o traballador ten xa producido un equivalente do valor da súa forza de traballo e máis a apropiación desta plusvalía polo capital: iso é a produción de plusvalía absoluta. Esta constitúe o fundamento universal do sistema capitalista e a orixe da produción de plusvalía relativa. Neste caso a xornada laboral está dividida de antemán en dúas partes: traballo necesario e traballo engadido. Para prolongar o traballo engadido acúrtase o traballo necesario por métodos mediante os cales o equivalente do salario é producido en menos

tempo. A produción da plusvalía absoluta ten que ver unicamente coa duración da xornada de traballo; a produción da plusvalía relativa revoluciona por completo os procesos técnicos de traballo e os agrupamentos sociais.

K. MARX; *O capital*, Tomo I: Crítica da economía política, Libro I. Sec.v.

Cap. XIV. Plusvalía absoluta e relativa, Trad. ao galego de Rafael Martínez Castro

1. "A produción capitalista non é simple produción de mercancías, é esencialmente produción de plusvalía", ¿Por que?
2. ¿Que é "a produción de plusvalía absoluta"?
3. ¿Que é a plusvalía relativa?
4. Imaxina un empresario que hai dous séculos pagase a uns campesiños tan só dúas horas do beneficio que a súa forza de traballo produce en 8 horas. Imaxina un descendente que, na nosa época, seguise pagando aos campesiños tan só dúas horas do beneficio que producen en 8. ¿En cal dos dous casos cabería falar dun maior grao de explotación ou subtracción de beneficios aos asalariados?
5. ¿Por que os avances tecnolóxicos poderían facilitar o aumento da plusvalía?

6. MATERIALISMO E DIALÉCTICA: O MATERIALISMO HISTÓRICO

O materialismo.

O materialismo é a postura filosófica que sostén, fronte ao idealismo, a prioridade da materia sobre o espírito. Para os materialistas, o universo material e sensíbel é o único obxectivamente real; o espírito é só unha manifestación da materia.

No século XIX o materialismo aparecía enfrontado ao idealismo absoluto de Hegel, quen situara o principio e esencia da realidade na Idea ou Espírito ou Deus («O que é racional, iso é real, e o que é real, iso é racional»), e para quen todos os seres finitos existentes na natureza e todos os acontecementos históricos e creacións culturais do ser humano non eran máis que manifestacións ou instantes desta realidade ideal e infinita («O verdadeiro é o todo»).

A este idealismo hegeliano opuxo Feuerbach (1804-1872) unha versión do materialismo, o mecanicista dos séculos XVII e XVIII, que se caracterizaba por considerar inerte á materia e ao universo como algo fixo e estábel. Fronte ao idealismo de Hegel e ao materialismo mecanicista de Feuerbach, Engels vai elaborar un materialismo dialéctico, segundo o cal a materia é algo dinámico que evoluciona temporal e historicamente nun proceso que vai do simple ao complexo, seguindo unha serie de leis.

A dialéctica

A dialéctica constitúe en Hegel tanto a esencia da realidade como o método da súa dedución conceptual e da súa comprensión. Dende Heráclito (550-475 a.C.) a dialéctica significa contradición. Neste sentido, a visión dialéctica da realidade e do saber consiste en concibir o todo como un conxunto de elementos que manteñen entre si unha relación de oposición e antagonismo.

Pero a dialéctica tamén significa dinamismo. Neste sentido, a visión dialéctica da realidade e do saber consiste en concibir o todo como un proceso. O motor deste proceso é a contradición ou oposición entre dous momentos do mesmo, a afirmación e a negación, que esixe ser conciliada e superada nunha síntese superior, que se converte á súa vez nun novo momento do proceso, que será á súa vez negado e superada a súa negación nunha unidade maior. No proceso dialéctico o todo medra en espiral. Neste proceso non se perden, senón que se integran e recollen todos os elementos da oposición.

No sistema hegeliano, a suprema unificación e conciliación de todos os contrarios realizábase no Absoluto, no que cada momento estaba necesariamente interrelacionado (nunha relación de oposición) cos demais.

Teses fundamentais do materialismo histórico

A formulación do materialismo histórico débese a Marx e constitúe o núcleo central do marxismo(xunto co análise da economía capitalista) ; é o resultado de aplicar o materialismo e o método dialéctico á historia das sociedades.

Segundo o materialismo histórico, toda sociedade é un sistema de estruturas interrelacionadas (a económica, a social, a política e a cultural). A base do sistema constitúea a infraestrutura económica, que determina en última instancia a superestrutura cultural e ideolóxica. Todo o que os homes pensan, así como a organización da súa vida social e política, depende de como organicen a súa actividade produtiva, é dicir, das súas condicións materiais de vida. Un cambio na infraestrutura económica provocará cambios na totalidade do sistema. Ao conxunto de todo o sistema denomínase Marx **modo de produción**, e está sometido a desenvolvemento e progreso histórico. Este desenvolvemento atravesa as seguintes fases: comunismo primitivo, escravismo, feudalismo, capitalismo, comunismo.

A infraestrutura económica.

A infraestrutura económica constitúe o conxunto de actividades mediante as cales os homes producen os bens necesarios para a satisfacción das súas necesidades (nutrición, vestido, acubillo, etcétera). Esta actividade produtiva é a actividade principal do home, e implica nunha dobre relación coa natureza e con outros homes (carácter natural e social do ser humano).

Á capacidade de producir dunha sociedade concreta denomínase Marx forzas produtivas desa sociedade, e comprende o traballo e os medios de produción (riquezas naturais, aparato técnico). A cada grao de desenvolvemento das forzas produtivas correspóndenlle unhas determinadas relacións de produción entre os propietarios dos medios de produción e os que aportan o traballo. Estas relacións de produción son independentes da vontade dos homes, e veñen determinadas polas condicións materiais da produción.

Os cambios históricos prodúcense cando entran en colisión as forzas produtivas da sociedade coas relacións de produción existentes no seu seo. Segundo Marx, no actual modo de produción capitalista, as contradicións internas explotarían nunha revolución, que daría paso ao modo de produción comunista.

A superestrutura social, política e cultural (ideoloxía).

A organización **social** é un reflexo da infraestrutura económica. Toda sociedade se divide en dúas clases antagónicas, unha explotadora e outra explotada, que vanse modificando ó longo da historia. Por clase social entende Marx un conxunto de persoas sometidas ás

mesmas condicións de vida. Para Marx, a loita de clases é o motor da historia. «*Toda a historia da sociedade humana, até hoxe día, —escriben Marx e Engels no Manifesto comunista— é unha historia de loita de clases. Libres e escravos, patricios e plebeos, baróns e servos da gleba, mestres e oficiais; nunha palabra, opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininterrompida, velada unhas veces, e outras franca e aberta, nunha loita que conduce en cada etapa á transformación revolucionaria de todo o réxime social ou ao exterminio de ambas as dúas clases belixerantes*».

A loita de clases lévase a cabo no **ámbito político**. O Estado é o instrumento político da clase explotadora para someter á explotada. Toda medida política está destinada a favorecer a unha clase en prexuízo da outra.

Por último, todo o que os homes teñen na súa conciencia, a súa **vida espiritual ou cultural** (a arte, a moral, a filosofía, a relixión, etcétera) é, en última instancia, un reflexo das súas condicións materiais de vida. Cada clase social posúe unha determinada representación da realidade. Non obstante, é a da clase dominante a que se proxecta sobre todo o tecido social, chegando a se identificar coa forma de pensar de toda a sociedade. Estas formas culturais son interpretadas por Marx como ideoloxías, é dicir, ideas ao servizo dos intereses da clase social dominante. A súa función principal é ou xustificar o privilexio económico, social e político desa clase, ou evadir aos homes da realidade.

A dinámica histórica: a dialéctica social e histórica.

Na medida en que é a relación forzas produtivas-relacións de produción a infraestrutura que determina o desenvolvemento da conciencia e da sociedade, podemos constatar que sempre que haxa unha modificación nas forzas produtivas (como cando a modernidade inicia o seu despregamento científico-tecnolóxico) se producirá, antes ou despois, unha contradición entre as novas clases sociais portadoras da nova forza produtiva (e, polo tanto, da riqueza) e as vellas clases sociais portadoras de antigos privilexios pero xa non produtivas.

Cando sucede tal cousa (cando á clase que ten a maior forza produtiva non se lle recoñece o seu posto de privilexio nas relacións sociais de produción), a **loita de clases** aberta pola devandita contradición remata nun período de **revolución social**, xa que as novas clases ascendentes rematan por non tolerar que sendo eles os portadores da forza produtiva sexan outros os que acaparen os maiores privilexios nas relacións de produción. Así, por exemplo, cando na modernidade a burguesía se converteu na clase social portadora da nova forza produtiva -a tecnoloxía industrial- acabou derrocando, tras un período de enfrontamento revolucionario, a aquela clase social que pretendía seguir ocupando o posto de maior privilexio dentro das relacións sociais: a nobreza.

Cada modo de produción preséntase como unha **tese** que xera no seu propio seo a **antítese** que dará como froito unha nova orde social ou **síntese** (esta é a esencia do proceso dialéctico da historia). A síntese ofrécese como unha negación da negación, como unha superación da previa contradición tese-antítese. Non obstante, a síntese superadora acaba xerando novas contradicións, xa que a orde social xerada na síntese se converte á súa vez nunha tese que xera no seu seo unha antítese, antítese que haberá de superarse cunha nova síntese. Deste modo, ao igual que en Hegel, é a negatividade e a continua superación da contradición o motor da historia.

DOCUMENTO 3

En completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo. É dicir, non se parte daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados, representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso; pátense dos homes realmente activos e con base no seu real proceso vital, preséntase tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida. Tamén as imaxes nebulosas no cerebro dos homes son sublimacións necesarias do seu proceso vital material empiricamente constatable e ligado a precondicións materiais. A moral, a relixión, a metafísica, e a restante ideoloxía, e as formas da consciencia que lles corresponden, non conservan así por máis tempo a aparencia de autonomía. Non teñen historia, non teñen desenvolvemento, senón que os homes que desenvolven a súa produción material e o seu intercambio material son os que, ao cambiar esta súa realidade, cambian tamén o seu pensamento e os produtos do seu pensamento. Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a consciencia. No primeiro modo de consideración pátense da consciencia como individuo vivo; no segundo, que corresponde á vida real, pátense dos mesmos individuos vivos e reais e considérase a consciencia unicamente como a súa consciencia.

K. MARX / F. ENGELS; *A Ideoloxía alemá* (1845/46). T.I: I. A. [I.]

1. ¿Por que di Marx que a filosofía ideal ista alemá "descende do ceo á terra"?
2. ¿De onde cre Marx que se debe de partir: "daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados, representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso" ou, pola contra "dos homes realmente activos e con base no seu real proceso vital" para presentar "tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida"?
3. ¿Poderías citar algún exemplo, extractado da filosofía de Marx, do que o texto denomina "imaxes nebulosas ou sublimacións no cerebro dos homes"?
4. A moral, a relixión ou a metafísica, ¿teñen para Marx autonomía e historia ou desenvolvemento propio? Explica a túa resposta.
5. Explica a seguinte afirmación: "Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a consciencia."

DOCUMENTO 4

O resultado xeral que obtiven e que, unha vez conseguido, serviu de fío condutor aos meus estudos, pode ser así sucintamente formulado: na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un determinado nivel de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais. A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a cal se ergue unha superestrutura xurídica e política, e á cal corresponden determinadas formas da consciencia social. O modo de produción da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual. Non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu ser social o que determina a súa consciencia. Nunha certa etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción existentes ou, o que é só unha expresión xurídica disto, coas relacións de propiedade no seo das cales se tiñan ata aí movi do, De formas de desenvolvemento das forzas produtivas, estas relacións convértense en ataduras das mesmas. Sobrevén así unha época de revolución social.

K. MARX; *Para a crítica da economía política* (1859), Prólogo.

Trad. ao galego de Rafael Martínez Castro

Explica o materialismo histórico ilustrando a túa exposición con citas do texto anterior.

7. A SOCIEDADE COMUNISTA

Mentres que para Hegel o real é expresión do ideal, para Marx o real é denuncia do ideal, a manifestación de que a realidade non é o que debera ser: racional. A existencia do proletariado, da clase obreira explotada, contradí a suposta racionalidade do real. Dado que é no mundo material onde se evidencia a irracionalidade, é aí onde hai que actuar para remediala. O pensamento non abonda para solucionar as contradicións que hai entre o racional e o real, é necesario actuar sobre a realidade mesma. De aí que Marx indicase: "*Ata agora os filósofos pensaron de diversas formas o mundo, de agora en diante é necesario transformalo*" (Teses sobre Feuerbach, tese XI).

Tese-antítese-síntese marcan o triángulo dialéctico que configura o progreso histórico. É así que, instalada a sociedade feudal, apareceu no seu seo a burguesía como antítese da nobreza dominante, contradición que estala no movemento revolucionario que conduciu á sociedade capitalista. Á súa vez o capitalismo xera no seu seo o proletariado como antítese da burguesía, o cal haberá de conducir, tras un período revolucionario, á **ditadura do proletariado**. Todas as sínteses que nos ofrece a historia albergaron no seu seo contradicións, porque albergaron no seu seo diferenza de clases; diferenza entre explotadores e explotados. Tales diferenzas nutren a loita de clases que acaba por destruír toda orde social. Aquí pon de manifesto o carácter non idealista do marxismo, as contradicións que moven a historia non son entre ideas, senón entre clases sociais, a súa raíz non está no mundo espiritual, senón na economía material.

Non obstante, o predominio sociopolítico do Estado proletario, antítese do estado capitalista, sería transitorio. A síntese, negación da negación, acontecería coa definitiva disolución do Estado o a fase final da historia: o comunismo. Agora ben, a síntese que ofrece o comunismo, tras a transitoria ditadura do proletariado, non sería como as anteriores sínteses históricas, porque nela se cancela a diferenza de clases, na sociedade comunista os medios de produción son comúns, pertencen á comunidade e non a unha clase social privilexiada. Abolidas as clases, queda abolida a contradición e a loita. A sociedade comunista sería así a meta da historia ou, se se prefire, o final da pre-historia, isto é, dun inhumano período de desigualdade.

Na sociedade comunista quedaría abolida a diferenza e establecida a igualdade. Co comunismo abriríase un espazo social onde o home podería desenvolver a súa verdadeira identidade en paz e liberdade. A sociedade comunista é a definitiva negación da negación, a abolición da loita e a contradición. A partir de aí, a historia empezaría a escribirse en positivo.

CONCEPTOS FUNDAMENTALES DEL MATERIALISMO HISTÓRICO

Producción: Es la actividad que consiste en transformar la naturaleza en productos directamente utilizables para la satisfacción de necesidades humanas o en instrumentos destinados a la producción de dichos productos.

Trabajo: Es la actividad humana misma cuyo resultado es la producción y los fenómenos económicos que de ella se derivan. En el sentido más general, Marx afirma que el trabajo es lo que caracteriza y define al hombre como ser genérico, es decir, su esencia o naturaleza (ser trabajador o praxis humana).

Medios de producción: son todos los objetos, instrumentos y recursos materiales que sirven para la fabricación de otros productos.

Fuerza del trabajo: es la capacidad transformadora y práctica del hombre para elaborar productos y mercancías.


Fuerzas de producción (FP): Corresponde al conjunto resultante de la unión de la capacidad de producción o de trabajo real del hombre (la “fuerza de trabajo”) y los medios de producción.

Relaciones sociales de producción (RP): Son las relaciones que se establecen entre los participantes en el proceso de producción. Las relaciones que constituyen la base de la estructura económica de una sociedad son las que se establecen entre los productores directos y los propietarios de los medios de producción. La relación social de producción fundamental es la que se estructura en torno a la forma de propiedad de los medios de producción. Puesto que la propiedad de los medios de producción determina, la propiedad de los productos.

Infraestructura (= FP + RP): Representa la base material (de ahí el *materialismo* marxista) de las sociedades y consiste en la estructura económica de una sociedad. Se puede definir como el conjunto de las relaciones (armónicas en un momento y en su propia evolución antagónicas o dialécticas) que se establecen entre las fuerzas de producción y las relaciones sociales de producción que se establecen en el proceso productivo característico de una sociedad.

Superestructura: A partir de las relaciones económicas de una sociedad, surgen otro tipo de relaciones sociales derivadas de las anteriores. Son la familia, la religión, el ordenamiento jurídico, la política, la estratificación social, el arte..., representan la *conciencia social*. Esta conciencia social es peculiar de cada sociedad y constituye su ideología dominante.

Modo de producción (MP = INFRA + SUPER ESTRUCTURA): Representa el concepto final que unifica todos los anteriores y que constituye el núcleo central de la concepción del Materialismo Histórico. Está constituido por el conjunto de las fuerzas productivas y de las relaciones de producción (infraestructura) junto con el conjunto de las relaciones y manifestaciones superestructurales que de ella se derivan. Los Modos de producción que se han dado en la historia de la humanidad son los siguientes: Comunidad primitiva, asiático, esclavista, feudal, capitalista y, el previsto por Marx, el socialismo.



A Sobre el materialismo histórico.

INFRAESTRUTURA E SUPERESTRUTURA

